

tais, na avenida Camiño Francés 8-10, semisoto, CP 15703, Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 27 de xullo de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba as bases reguladoras das axudas do IGAPE a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con desmantelamento de automóbiles antigos para o ano 2010 (Plan Remóvete Galicia), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 1 de xuño de 2010, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes, a aprobación das novas bases reguladoras das axudas do Igape a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con desmantelamento de automóbiles antigos (Plan Remóvete Galicia).

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar no *Diario Oficial de Galicia* as bases reguladoras das axudas do Igape a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con desmantelamento de automóbiles antigos (Plan Remóvete Galicia); e convocar para 2010 o dito réxime de axudas en concorrencia non competitiva.

Segundo.-O prazo para a presentación de solicitudes comezará aos sete días naturais desde a publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* (no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo comezará o día hábil seguinte) e rematará o 15 de decembro de 2010.

No caso de esgotamento do crédito o Igape publicará a dita circunstancia no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape www.igape.es co fin de pechar anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes.

Terceiro.-Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e polo seguinte importe:

Partida orzamentaria	2010
02.02-E4/10/04-656	6.000.000 €

O director xeral do Igape poderá ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, precedendo declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 30.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante resolución publicada para o efecto.

Así mesmo, non se poderán outorgar axudas por contía superior á que se determine nesta convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria, ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ao abeiro do disposto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, do cal se dará a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Os requisitos das letras c), e), f), h), i), j), k), l), m) e n) do artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Quinto.-Publicar o convenio de colaboración para as axudas a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con desmantelamento de automóbiles antigos para o ano 2010 (Plan Remóvete Galicia), ao cal se deben adherir as entidades colaboradoras.

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Bases reguladoras das axudas do Igape a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con desmantelamento de automóbiles antigos para o ano 2010 (Plan Remóvete Galicia)

A venda de vehículos en España no acumulado dos catro primeiros meses de 2009 representou unha histórica baixada dun 43,7% respecto ao primeiro cuadrimestre de 2008. En Galicia, o descenso de vendas entre xaneiro e maio de 2009 foi dun 27% respecto ao mesmo período de 2008.

No mes de maio de 2009 a Consellería de Economía e Industria anunciou a posta en marcha dun plan de incentivos autonómicos á adquisición de vehículos con desmantelamento de vehículos antigos, que finalmente entrou en vigor, mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* das bases reguladoras dos incentivos, a primeiros do mes de xullo de 2009.

A partir do anuncio da posta en marcha do plan, e a recollida de todas as operacións de compra-venda que, cumprindo as exixencias normativas, se realizasen a partir do 20 de maio, o cambio de tendencia no mercado de automoción en Galicia foi moi visible de xeito que entre os meses de xuño e decembro de 2009 as vendas de vehículos en Galicia supera-

ron nun 26% ás realizadas no mesmo período do ano anterior, resultando no cómputo anual un incremento de vendas do 4,4% máis no exercicio completo 2009 respecto ao 2008.

Esta inversión da tendencia ata recuperar todas as perdas de venda e acabar o ano 2009 con incremento de vendas totais, explica que o Plan Remóvete fose un éxito como incentivo á demanda para adquisición de vehículos.

Como queira que a Consellería de Economía e Industria supeditou a posibilidade de renovar estes estímulos á demanda en función do comportamento do mercado no exercicio 2010, sendo os valores do primeiro trimestre moi positivos respecto ás vendas do mesmo período do 2009, o que pode ser debido fundamentalmente á expectativa negativa dos consumidores respecto ao incremento do IVE efectivo desde o 1 de xullo do presente ano, en previsión de paliar parcialmente a previsible caída do mercado en Galicia que implicará a suba impositiva, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), no cumprimento das súas funcións no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúan de xeito salientable a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da comunidade galega, no contexto especificado propón a renovación durante o exercicio 2010 dos incentivos a pemes, autónomos e particulares para facilitarlles a modernización dos seus parques particulares de vehículos comerciais e, desde o punto de vista social, ampliar o sistema de xestión e os incentivos aos particulares, co obxecto de contribuír á modernización do parque móbil da comunidade autónoma e así mellorar a seguranza viaria; renovando o programa de axudas e incentivos Plan Remóvete para o ano 2010.

As convocatorias desta liña de axudas serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución do director xeral do Igabe. As ditas convocatorias incluírán o procedemento de tramitación, o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados.

Polo seu obxecto e finalidade e por non corresponder avaliación ningunha das solicitudes, senón a mera comprobación dos requisitos dos beneficiarios, as axudas reguladas nestas bases outorgaranse en réxime de concorrencia non competitiva ao abeiro do disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Estas bases regulan o contido e procedemento de tramitación dunha liña de axudas a fondo perdido para incentivar a modernización de vehículos nas pemes e autónomos e aos particulares.

Artigo 2º.-*Beneficiarios.*

2.1. O Igabe poderá conceder axudas a fondo perdido para a modernización de vehículos aos seguintes tipos de beneficiarios:

2.1.1. Pemes e autónomos que cumpran os requisitos da definición de pequena e mediana empresa

aprobada no Regulamento 800/2008 da Comisión da UE, do 6 de agosto, polo que se decláran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías, publicado no DOUE L 214/3, do 9 de agosto), domiciliadas ou con algún centro de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia na data de adquisición do vehículo obxecto das axudas.

Para aquelas actividades que se achen comprendidas dentro dos sectores regulados por normas específicas da Unión Europea sobre axudas estatais, as axudas previstas nestas bases axustaranse en cada caso ás ditas normas específicas, especialmente ás exclusións por sector de actividade das pemes contidas no artigo 1.3º do Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto. Nas empresas do sector do transporte non serán subvencionables os vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

2.1.2. Persoas físicas con residencia na Comunidade Autónoma de Galicia á data de adquisición do vehículo obxecto das axudas.

2.2. Os beneficiarios terán que estar ao día das súas obrigas coa Facenda pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e, en xeral, cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada lei de subvencións. Os beneficiarios destas axudas están exentos de achegar os xustificantes de cumprimento das obrigas tributarias e coa seguranza social en virtude do establecido no artigo 48 letras i) e l) da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010.

2.3. Será causa de automática denegación da axuda que o solicitante teña pendente de reintegro calquera axuda previa declarada ilegal e incompatible co mercado común pola Comisión Europea e suxeita a unha orde de recuperación.

Artigo 3º.-*Condicións das axudas.*

3.1. Serán subvencionables as operacións de compravenda de vehículos nunha entidade colaboradora formalizadas desde o día 1 de agosto ata o 15 de decembro de 2010 ou, en todo caso, ata o esgotamento do orzamento asignado, nas cales os compradores cumpran as seguintes condicións:

3.1.1. Para pemes e autónomos:

a) Adquirir un turismo novo ou matriculado orixinalmente en Galicia con menos de dous anos de antigüidade, categoría M1 pouco contaminante (emisión non superior a 149 g/km de CO₂) e cun custo non superior a 30.000 €; ou ben un vehículo comercial lixeiro novo ou matriculado en Galicia con menos de dous anos de antigüidade, categoría N1, con masa máxima autorizada non superior a 3.5 tm e pouco contaminante (emisión non superior a 160 g/km de CO₂) e cun custo non superior a 30.000 €, nunha das entidades colabora-

doras adheridas á presente iniciativa. O vehículo adquirido deberá matricularse en Galicia.

b) Entregar para desmantelamento un vehículo antigo, con antigüidade superior a 10 anos ou máis de 250.000 km, propiedade da empresa ou autónomo.

c) Achegar para a adquisición do vehículo unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de polo menos un 25% do seu importe, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

3.1.2. Para persoas físicas:

a) Adquirir un turismo novo ou matriculado orixinalmente en Galicia con menos de dous anos de antigüidade, categoría M1 pouco contaminante (emisión non superior a 149 g/km de CO₂) e cun custo non superior a 30.000 €; ou ben un vehículo comercial lixeiro novo ou matriculado en Galicia con menos de dous anos de antigüidade, categoría N1, con masa máxima autorizada non superior a 3.5 tm e pouco contaminante (emisión non superior a 160 g/km de CO₂) e cun custo non superior a 30.000 €, nalgunha das entidades colaboradoras adheridas a esta iniciativa. O vehículo adquirido deberá matricularse en Galicia.

b) Entregar para desmantelamento un vehículo antigo, con antigüidade superior a 10 anos ou máis de 250.000 km, propiedade da persoa que realiza a compravenda.

3.2. Salvo nos casos de adquisicións e desmantelamento de vehículos comprendidas entre o 1 de agosto de 2010 e a entrada en vigor destas bases, os beneficiarios non poderán desmantelar o vehículo antigo nin adquirir o vehículo obxecto da axuda previamente á presentación da solicitude de axuda pola entidade colaboradora no Igape.

3.3. Non serán subvencionables as operacións de substitución de vehículos que puideren levar a cabo os propios establecementos de venda de vehículos, para automatriculación ou con calquera outro fin.

3.4. Cando o Igape detecte que dos créditos dispoñibles para o financiamento deste programa de axudas, iniciais ou ampliados, resten unicamente 800.000 €, rateará entre cada entidade colaboradora unha porcentaxe equivalente ao crédito que cada unha delas tiver recibido en concepto de subvención ata a data, e comunicará este límite ás entidades colaboradoras. Calquera solicitude posterior que exceda este límite comunicado non poderá ser introducida no sistema de solicitudes e, no caso de que por erro se produza algunha introdución non debida, será denegada por falta de crédito.

Artigo 4º.-*Contía das axudas.*

4.1. A contía das axudas non excederá o 20% dos custos subvencionables para o caso de pequenas

empresas e particulares e o 10% para o caso de medianas empresas, sen que en ningún caso se superen:

a) 500 € cando se produza a adquisición dun turismo M1 cuxo custo non alcance os 10.000 €, IVE engadido.

b) 700 € cando o turismo M1 a adquirir teña un custo entre 10.000 e 30.000 €, IVE engadido.

c) 1.000 € cando o vehículo a adquirir sexa un vehículo categoría N1, salvo no caso indicado na epígrafe seguinte.

d) 1.500 € cando o vehículo a adquirir sexa un vehículo categoría N1, e sexa adquirido por unha peme ou autónomo cuxa actividade principal se desenvolva nos sectores da pesca, agroindustrial, téxtil-confección, naval e industria auxiliar, transformación da madeira, rochas ornamentais, audiovisual ou turismo (as epígrafes correspondentes son as enumeradas no anexo IV, as empresas que acrediten mediante alta no IAE algunha destas actividades, deberán ter sido dadas de alta na mesma con anterioridade ao 1 de agosto de 2010).

4.2. Para o cómputo do custo do automóbil incluírase a base imponible e o IVE, pero non a axuda do Igape nin outras axudas de organismos ou institucións públicas ou privadas establecidas no Real decreto 898/2009, do 22 de maio.

4.3. No caso de que algún organismo ou institución estatal aportase unha cantidade adicional para o mesmo plan, esta sería compatible coas axudas aquí establecidas coa condición, no caso de pemes e autónomos, que a axuda acumulada non supere o 50% do custo total do vehículo que se vai adquirir.

Artigo 5º.-*Compatibilidade coa normativa europea.*

5.1. A liña de axudas recollida no artigo 3º, punto 1.1. destas bases, dirixidas a pemes e autónomos, outórganse en xeral, ao abeiro do artigo 15 do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión do 6 de agosto (Regulamento xeral de exención por categorías) (DOUE L 214, do 9 de agosto). As axudas concedidas para adquisicións de vehículos desde o 1 de agosto de 2010 ata a entrada en vigor destas bases, outórganse conforme ao Regulamento 1998/2006 (DOUE L 379, do 28 de decembro) relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*; no sector agrario aplicarase o Regulamento 1535/2007 (DOUE L 337, do 21 de decembro) e no sector pesqueiro o Regulamento 875/2007 (DOUE L 193, do 25 de xullo).

5.2. As liñas de axudas recollidas no artigo 3º, punto 1.2., dirixidas a persoas físicas, outórganse como axudas de carácter social concedidas a consumidores individuais, e son compatibles co mercado común segundo o artigo 87 do Tratado constitutivo da UE.

Artigo 6º.-*Entidades colaboradoras.*

6.1. Poderán ser entidades colaboradoras do Igape nestas axudas os establecementos de venda de automóbiles, con personalidade xurídica propia, con

domicilio social ou algún centro de actividade en Galicia.

6.2. De acordo coas condicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, non poderán obter a condición de entidade colaboradora aquelas entidades en que concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) Ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Ter solicitado a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da cal fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que establece a normativa vixente.

e) Non acharse ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos termos establecidos regulamentariamente.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non acharse ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos establecidos regulamentariamente.

h) Ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo esta lei ou a Lei xeral tributaria.

6.3. Procedemento de adhesión das entidades colaboradoras:

As entidades de venda de vehículos con domicilio social ou algún centro de actividade en Galicia, que non incumpran ningún dos supostos previstos no apartado anterior, poderán converterse en entidades colaboradoras do Igape polo seguinte procedemento:

a) O representante legal da entidade deberá cubrir o formulario destinado a tal fin (procedemento IG167) no enderezo www.tramita.igape.es no espazo denominado Cumprimentación de cuestionarios. Nesta aplicación deberá enumerar un conxunto de persoas da súa organización que serán as autorizadas por parte da entidade colaboradora para tramitar telematicamente e asinar electronicamente as solicitudes de axuda. Para poderen realizar estas tarefas, as persoas citadas deberán estar provistas de certificado X509v3 dunha das entidades certificado-

ras dos admitidas pola Consellería de Facenda (consultar en www.tramita.igape.es).

b) Deberá presentar nalgunha oficina de rexistro do Igape a solicitude xerada pola aplicación antedita incluíndo un código IDE de 40 díxitos que a identificará. Neste caso non estará habilitado o Rexistro Telemático da Xunta.

c) A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación:

a. Copia da escritura de constitución e estatutos e, se é o caso, das posteriores modificacións.

b. Copia do poder de representación do asinante. Copia da licenza de actividade.

c. Copia da alta censual.

d. Orixinal do certificado de conta bancaria en que se realizarán os ingresos do Igape para a entidade.

Todas as copias dos documentos referidos nos parágrafos precedentes achegaranse debidamente cotexadas.

d) A remisión da solicitude comportará a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puideren ser obtidos polo órgano xestor, poderán ser requiridos ao interesado. A remisión da solicitude tamén autoriza o órgano xestor para acceder ao sistema de verificación de datos de identidade e residencia, co fin de evitar a achega do DNI do solicitante ou do seu representante legal. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización, deberá, obrigatoriamente, presentar o DNI coa solicitude.

e) O Igape aceptará as solicitudes recibidas que cumpran os requisitos establecidos.

6.4. O Igape manterá no enderezo da internet www.igape.es unha relación actualizada de entidades colaboradoras para a xestión deste programa.

6.5. As entidades que xa fosen declaradas colaboradoras do Plan Remóvete no exercicio 2009 e que desexen seguir coa citada colaboración, terán que cubrir o formulario establecido no artigo 6.3 anterior e presentar nalgunha oficina do Igape a solicitude xerada pola aplicación (anexo I) acompañada dos documentos citados no antedito artigo 6.3 que tiveren variado con respecto á convocatoria do 2009.

Artigo 7º.-Obrigas das entidades colaboradoras.

As entidades colaboradoras adheridas:

a) Tramitarán ante o Igape, por conta do beneficiario, as solicitudes de axuda para operacións de compra-venda dos seus vehículos. A tramitación destas solicitudes poderá ser unicamente telemática, para o

que é necesaria a sinatua dixital das persoas para tal efecto designadas.

b) Comunicarlles aos solicitantes, dentro dos dez días seguintes á presentación das solicitudes no Rexistro Telemático, a data en que as solicitudes foron presentadas no Igape, o número de expediente asignado, o prazo máximo establecido para a resolución e notificación do procedemento (6 meses desde a data da presentación da solicitude no Igape) e os efectos do silencio administrativo (negativo).

c) Recibirán e custodiarán durante o prazo de catro anos desde a finalización dos expedientes a documentación correspondente ás operacións realizadas, da cal remitirán copia dixitalizada ao Igape para proceder ao cobramento das axudas, segundo o previsto no artigo 9º.

d) Deberán dar publicidade á iniciativa mediante a colocación de carteis indicativos e visibles nos establecementos, onde consten con notoriedade os logotipos da Consellería de Economía e Industria e do Igape.

Así mesmo, e sen prexuízo do establecido nos parágrafos precedentes, as entidades colaboradoras quedan obrigadas ao cumprimento do establecido no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8º.-*Consentimentos e autorizacións.*

8.1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

8.2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar agás nos supostos legalmente establecidos. Todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

8.3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, o Igape publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

A devandita autorización esténdese á cesión dos seus datos persoais á entidade colaboradora do Igape, á entidade financeira en que se aboe o pagamento das axudas, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

O solicitante poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 132/2006.

8.4. A presentación da solicitude polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización, deberá, obrigatoriamente, presentar as certificacións coa solicitude. Non obstante o anterior, están exentos de achegar os xustificantes de cumprimento das obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social os beneficiarios das subvencións establecidos no artigo 48 letras i) e l) da Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010.

8.5. No caso de que o solicitante deba presentar estes certificados na fase de emenda, logo de que a consulta polo órgano xestor non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de emisión do certificado telemático, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

8.6. A presentación da solicitude tamén autoriza o órgano xestor para acceder ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade e Residencia, co fin de evitar a achega do DNI do solicitante ou do seu representante legal. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización deberá, obrigatoriamente, presentar o DNI coa solicitude.

Artigo 9º.-*Tramitación.*

9.1. Os potenciais beneficiarios que decidan acollerse á liña de axudas, unha vez tomada a decisión de adquisición dun vehículo coas condicións establecidas no artigo 3º, deberán dirixirse a unha entidade colaboradora, na cal presentarán a súa solicitude de axuda segundo o formulario (anexo II) que conterà a autorización para a tramitación da axuda ante o Igape.

9.2. As entidades colaboradoras, antes de pecharen calquera operación ao abeiro destas bases, deberán solicitar a aprobación do Igape mediante a remisión telemática do formulario (procedemento IG168) previsto para tal fin no espazo web www.tramita.igape.es (anexo III). No dito formulario deberán constar os datos detallados da operación e do beneficiario.

9.3. Unha vez comprobada a declaración do cumprimento de requisitos polos servizos técnicos do Igape, a Área de Financiamento elevará proposta de resolución ao director xeral do Igape, quen resolverá por delegación do Consello de Dirección.

O procedemento de concesión resolverase no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución. O procedemento e contido da resolución axustarase ao disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Na resolución de concesión de axuda, farase constar o seu importe, o custo mínimo do vehículo que se vai adquirir e o prazo máximo para adquirilo.

Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación.

9.4. O prazo máximo para ditar e notificarlles aos interesados a resolución do expediente será de seis meses contados desde a data de presentación da solicitude de axuda no Igape. O citado prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 42.5º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Transcorrido o dito prazo sen se ter ditado e notificado resolución expresa, o solicitante poderá ter por desestimada a súa solicitude.

9.5. Recursos.

A resolución dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nestas bases esgotará a vía administrativa. O interesado, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer contra ela recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, se for expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Potestativamente e con anterioridade á interposición do recurso contencioso-administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición, que resolverá o mesmo órgano que ditou o acto administrativo impugnado, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, se for expresa, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas.

9.6. A notificación da concesión da axuda será remitida a través das entidades colaboradoras por medios telemáticos. Para tal fin, as entidades colaboradoras deberán conectarse ao enderezo web www.tramita.igape.es na ligazón Notificación Telemática.

Artigo 10º.-*Aboamento da subvención.*

10.1. Unha vez presentada a solicitude de axuda, as entidades colaboradoras poderán formalizar a compravenda cos beneficiarios no prazo improrrogable de seis meses, desde a solicitude da axuda, e presentar posteriormente no Igape a solicitude de cobramento dela. A solicitude de cobramento deberá ser presentada no Igape antes dun mes contado a partir da data definitiva da operación de compravenda.

10.2. Para presentar a solicitude de cobramento, a entidade colaboradora deberá cubrir previamente o cuestionario de liquidación a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>. Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) que identificará univocamente o cuestionario de liquidación. Este IDEL estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractación SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

A solicitude de cobramento presentarase obrigatoriamente de xeito telemático, mediante a instancia normalizada que se xunta como anexo V, no cal será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou nas que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación de axuda) poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumprimento no caso de non seren corrixidas, logo de requirimento de emenda realizado para o efecto.

A entidade colaboradora presentará a solicitude de cobramento co IDEL asinando electronicamente no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia. A aplicación de xeración de cuestionarios de liquidación permitirá xuntar estes documentos e remitilos electronicamente.

10.3. A solicitude de pagamento terá que ir acompañada de copias dixitais da seguinte documentación protexidas electronicamente de xeito que a entidade colaboradora declare de forma responsable que corresponde co orixinal e non foron modificadas desde a súa dixitalización.

-Factura do vehículo adquirido na cal consten os distintos descontos efectuados, entre eles a subvención do Igape.

-Ficha técnica do vehículo que se vai adquirir.

-Permiso de circulación do vehículo que se vai adquirir, expedido en Galicia.

-Certificado de destrución do vehículo desmantelado emitido por centro autorizado.

-Copia do DNI ou CIF do comprador.

-No caso de pemes e autónomos: alta censal da actividade.

-No caso de adquisición de vehículos de ata 2 anos de antigüidade: o documento subministración de datos do vehículo expedido pola DXT onde conste que a matriculación inicial foi en Galicia.

As entidades colaboradoras custodiarán a documentación xustificativa á disposición do Igape e dos órganos de control da Comunidade Autónoma de Galicia ata o vencemento do prazo de prescrición

establecido no artigo 35 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

10.4. Unha vez comprobada a documentación, o Igape aboará á entidade colaboradora o importe correspondente cada 15 días, na conta que sexa especificada por ela, mediante certificación bancaria expedida para tal fin.

10.5. Transcorrido o prazo de seis meses desde a solicitude de axuda sen que esta tivese presentado a solicitude de cobramento da subvención, o Igape requirirá a entidade colaboradora para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación comportará a perda do dereito ao cobramento total da subvención.

10.6. Calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda, que afecte as condicións de subvencionabilidade ou contía das axudas, poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá supor a modificación ou revogación da concesión e o reintegro das cantidades previamente aboadas.

Artigo 11º.-*Modificación da resolución.*

A obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nestas bases poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 12º.-*Incumprimento.*

12.1. Serán causas de revogación e reintegro da subvención as establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O procedemento para declarar o incumprimento e reintegro de cantidades axustarase ao disposto nos capítulos I e II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e título V do regulamento, sendo competente para a súa resolución o director xeral do Igape. Contra a resolución caberá recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela nos dous meses seguintes á súa notificación e, potestativamente, recurso de reposición ante o director xeral do Igape no mes seguinte á súa notificación.

12.2. As cantidades que se reintegrarán terán a consideración de ingresos de dereito público e resultará aplicable para o seu cobramento o previsto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

12.3. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, os beneficiarios sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título VI do seu regulamento.

Artigo 13º.-*Publicación.*

13.1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da

Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía incluírán as axudas concedidas ao abeiro destas bases e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

13.2. De acordo co artigo 15.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do Igape, www.igape.es, nos termos establecidos na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, expresando a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación no citado medio.

Artigo 14º.-*Control.*

Os beneficiarios das axudas quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que efectúe o Igape ou os órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, así como ás que poidan efectuar os órganos competentes da Unión Europea, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das axudas acollidas a estas bases.

Artigo 15º.-*Interpretación.*

Corresponde ao director xeral do Igape a facultade de ditar as disposicións necesarias para a aplicación das normas de tramitación previstas nestas bases, así como para resolver as dúbidas concretas que se susciten na súa aplicación.

Artigo 16º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, no Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se decláran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE, no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, no Regulamento 1535/2007 (DOUE L 337, do 21 de decembro), no Regulamento 875/2007 (DOUE L 193, do 25 de xullo) e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, observarase o disposto no artigo 48 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



ANEXO II

(SOLICITUDE ASINADA POLO COMPRADOR QUE DEBE CUSTODIAR A ENTIDADE COLABORADORA)

PROCEDEMENTO AXUDAS DO IGAPE PARA A RENOVACIÓN DE AUTOMÓBILES CON DESMANTELAMENTO (PLAN REMÓVETE GALICIA)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IG639A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE OU PARTICULAR		CIF/NIF	
ACTIVIDADE		CORREO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (EN CASO DE ENTIDADES)			DNI
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE		PROVINCIA	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
			FAX

SOLICITUDE PARA

IG168: AXUDAS DO IGAPE PARA A RENOVACIÓN DE AUTOMÓBILES CON DESMANTELAMENTO (PLAN REMÓVETE GALICIA)

VEHÍCULO QUE VAI DESMANTELAR		VEHÍCULO QUE VAI ADQUIRIR		AXUDA SOLICITADA
MARCA		MARCA		<input type="checkbox"/> 500 €
MODELO		MODELO		<input type="checkbox"/> 700 €
MATRÍCULA		<input type="checkbox"/> NOVO <input type="checkbox"/> USADO	DATA 1ª MATRICULACIÓN	<input type="checkbox"/> 1.000 €
QUILOMETRAXE (km)		<input type="checkbox"/> TURISMO <input type="checkbox"/> INDUSTRIAL		<input type="checkbox"/> 1.500 €
DATA 1ª MATRICULACIÓN		PREZO DE VENDA (EXCLUÍDAS AXUDAS, IVE INCLUÍDO)		

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. O particular ou entidade solicitante AUTORIZA expresamente o Igape:

- Para ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas que o instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para incluír nos rexistros creados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes e relativos a estas axudas, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo Administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela.
- Para o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, de acordo co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, que establecen que o Igape publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos.
- Para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Facenda, e da Seguridade Social, a información a que se refire o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.
- Para que comprobe os seus datos de carácter persoal e de residencia e para que obteña os documentos xerados pola Administración autonómica necesarios para a tramitación do procedemento por medios telemáticos, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.
- Para obter directamente por vía telemática das distintas administracións públicas toda a información requirida para a tramitación do seu expediente.

O SOLICITANTE:

Declaro ter un compromiso firme de adquisición do vehículo coa entidade colaboradora.
 Declara que os datos consignados na solicitude e no cuestionario na internet son certos:
 -Apodera o representante da entidade colaboradora para tramitar no seu nome a axuda ante o Igape.
 -Declara atoparse ao día nas súas obrigas fiscais, no pagamento de cotas á Seguridade social e non ten contraída débeda ningunha coa Comunidade Autónoma galega.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Resolución do 27 de xullo de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con demantelamento de automóbiles antigos para o ano 2010 (Plan Remóvete Galicia), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.</i></p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p>REVISADO E CONFORME</p>	<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>DATA DE ENTRADA</p> <p>DATA DE EFECTOS</p> <p>DATA DE SAÍDA</p>
<p>SINATURA DO/A SOLICITANTE E/OU REPRESENTANTE LEGAL</p> <p>Lugar e data</p> <p>, de de</p>	<p>Director xeral do Igape</p>	



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA



ANEXO III

DOCUMENTO DE REMISIÓN DA SOLICITUDE DO INTERESADO AO IGAPE

PROCEDEMENTO AXUDAS DO IGAPE PARA A RENOVACIÓN DE AUTOMÓBILES CON DESMANTELAMENTO (PLAN REMÓVETE GALICIA)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IG639A	DOCUMENTO REMISIÓN DE SOLICITUDE
---	---	--

DATOS DO/A SOLICITANTE

ENTIDADE OU PARTICULAR		CIF/NIF	
[]		[]	
ACTIVIDADE	CORREO ELECTRÓNICO		
[]	[]		
NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (NO CASO DE ENTIDADES)			DNI
[]			[]
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE OU PARTICULAR		PROVINCIA	
[]		[]	
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
[]	[]	[]	[]
			FAX
			[]

DATOS DA ENTIDADE COLABORADORA

RAZÓN SOCIAL	CIF / NIF
[]	[]
NOME E APELIDOS DA PERSOA AUTORIZADA POLA ENTIDADE COLABORADORA QUE TRAMITA O EXPEDIENTE POR CONTA DO SOLICITANTE (*)	DNI
[]	[]

(*) A PERSOA AUTORIZADA QUE SE CITA É A QUE DEBE ASINAR ELECTRONICAMENTE ESTA SOLICITUDE

REMISIÓN DA SOLICITUDE PARA

<input type="checkbox"/> IG168: AXUDAS DO IGAPE PARA A RENOVACIÓN DE AUTOMÓBILES CON DESMANTELAMENTO (PLAN REMÓVETE GALICIA)	
Debe indicar a seguir, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico (IDE) obtido da aplicación de axuda para cubrir solicitudes, e o código de comprobación.	
IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) -40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS- SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
[]	[]
<i>A entidade colaboradora declara ter obtido nos servizos web do Igape (http://tramita.igape.es) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.</i>	

Os datos recollidos nesta instancia pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A entidade colaboradora declara:

- Que ten acordada co solicitante da axuda unha operación de venda dun vehículo e desmantelamento doutro, segundo se describe no documento electrónico que se asocia a esta solicitude mediante o IDE consignado no punto anterior.
- Que comprobou que a dita operación é conforme as condicións establecidas no Plan Remóvete Galicia e recompilou a documentación que así o demostra segundo o establecido nas bases do plan.
- Que informou o solicitante da axuda dos termos desta, e que mantén á disposición do Igape o cuestionario de descrición da operación e a solicitude asinada (modelo do anexo II) onde se apodera á entidade colaboradora para a tramitación ante o Igape.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Resolución do 27 de xullo de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con demantelamento de automóbiles antigos para o ano 2010 (Plan Remóvete Galicia), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	RECIBIDO	[]
	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
		___/___/___
		DATA DE EFECTOS
		___/___/___
		DATA DE SAÍDA
		___/___/___
Lugar e data		
_____ , de _____ de _____		

Director xeral do Igape

ANEXO IV

Epígrafes IAES correspondentes ás actividades económicas

Cód. IAE	Actividade
239	Extracción doutros minerais non metálicos nin enerxéticos (granito e lousa)
244	Industrias da pedra natural
37	Construción naval, reparación e mantemento de buques
411	Fabricación e envasado de aceite de oliva
412	Fabricación de aceites e graxas, vexetais e animais (excepto aceite de oliva)
413	Sacrificio de gando. Preparación de conservas de carne e incubación de aves
414	Industrias lácteas
415	Fabricación de zumes e conservas vexetais
416	Fabricación de conservas de peixe e outros produtos mariños
417	Fabricación de produtos da moenda
418	Fabricación de pastas alimenticias e produtos amiláceos
419	Industrias de pan, bolería, pastelería e galletas
420	Industria do azucre
421	Industria do cacao, chocolate e produtos de confeitaría
422	Industrias de produtos para a alimentación animal (incluídas as fariñas de peixe)
423	Elaboración de produtos alimenticios diversos

Cód. IAE	Actividade
424	Industrias de alcohois etílicos de fermentación
425	Industria vinícola
426	Sidrarías
427	Fabricación de cervexa e malte cervexeiro
428	Industria das augas minerais, augas gasosas e outras bebidas analcolólicas
43	Industria téxtil
44	Industria do coiro
45	Industria do calzado e vestido e outras confeccións téxtiles
46	Industrias da madeira, cortiza e mobles de madeira
671	Servizos de restaurantes
672	En cafetarías
673	En cafés e bares, con e sen xantar
68	Servizo de hospedaxe
961	Produción e servizos relacionados de películas cinematográficas (mesmo vídeo)
962	Distribución de películas cinematográficas e vídeos
963	Exhibición de películas cinematográficas e vídeos
964	Servizos de radiodifusión, televisión, e servizos de enlace e transmisión de sinais de televisión
Actividades do sector primario: pesca, acuicultura, agricultura, gandería e silvicultura	



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA



ANEXO V

SOLICITUDE DE COBRAMENTO

AXUDAS DO IGAPE PARA A RENOVACIÓN DE AUTOMÓBILES CON DESMANTELAMENTO (PLAN REMÓVETE GALICIA)

EXPEDIENTE

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

TITULAR		NIF	
[]		[]	
ENDEREZO		TELÉFONO	
[]		[]	
DATA RESOLUCIÓN	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EUROS)	VEHÍCULO ADQUIRIDO	MATRÍCULA
[]	[]	[]	[]

Debe indicar, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) obtido da aplicación de axuda para cubrir o cuestionario de liquidación e o seu código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO DE LIQUIDACIÓN (IDEL) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
[]	[]

O/A solicitante declara ter obtido nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude de cobramento.

Nota: este IDEL é un código novo, non será válido o IDE obtido para a presentación da solicitude de axuda.

Don/Dona [] con DNI nº [] ,
actuando no nome e representación da entidade colaboradora [] ,
que foi autorizada para a tramitación polo titular do expediente de axuda arriba mencionado:

EXPÓN:

Que para a tramitación desta solicitude de liquidación de subsidiación e de acordo co disposto no artigo 9 das bases reguladoras das axudas do Igape para a renovación de automóbiles con desmantelamento (Plan Remóvete Galicia), incluíu electronicamente xunto a esta solicitude a documentación requirida na resolución da axuda.

E, por todo iso,

SOLICITA:

Que, de acordo coa xustificación achegada, lle sexa aboada na conta bancaria establecida para estes efectos a axuda de [] € segundo o establecido no artigo 9º.4 das bases reguladoras.

[] de [] de []

(Sinatura do/a representante)

ANEXO I**Ficha de solicitude de inscrición****Curso para a capacitación de aplicadores/manipuladores de produtos biocidas. Nivel básico**Entidade organizadora: *Cacumen Lugo, S.L.U.*

Datas: do 17 de setembro ao 1 de outubro de 2010.

Lugar de celebración do curso: instalacións de *Cacumen Lugo, S.L.U.*, r/ Concepción Arenal, 18-1º, 27004 Lugo.

Duración: 20 horas teórico/prácticas e 1 hora de avaliación.

Horario: das 10.00 ás 14.00 horas e das 16.00 ás 19.00 horas.

Nº de prazas: máximo 20 alumnos.

Información e inscricións: *Cacumen Lugo, S.L.U.*, r/ Concepción Arenal, 18-1º, 27004 Lugo, teléfono: 982 24 39 44, fax: 982 28 41 61, e-mail: cacumen@cacumenlugo.com

Criterio de selección: por rigorosa orde de solicitude.

Data límite de presentación de solicitudes: ata o 14 de setembro de 2010.

Apelidos:

Nome:

NIF:

Enderezo:

Localidade:

Teléfono:

Fax:

Empresa:

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Corrección de erros.-Resolución do 27 de xullo de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con desmantelamento de automóbiles antigos para o ano 2010 (Plan Remóvete Galicia), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

Advertida omisión na referida resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia*, número 147, do 3 de agosto de 2010, procede facer a oportuna corrección publicando o convenio de colaboración para as axudas

a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con desmantelamento de automóbiles antigos para o ano 2010 (Plan Remóvete Galicia), ao cal se deben adherir as entidades colaboradoras.

Convenio de colaboración para as axudas a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóbiles con desmantelamento de automóbiles antigos (Plan Remóvete Galicia)

A venda de vehículos en España no acumulado dos catro primeiros meses de 2009 representou unha histórica baixada dun 43,7% respecto ao primeiro cuadrimestre de 2008. En Galicia, o descenso de vendas entre xaneiro e maio de 2009 foi dun 27% respecto ao mesmo período de 2008.

No mes de maio de 2009 a Consellería de Economía e Industria anunciou a posta en marcha dun plan de incentivos autonómicos á adquisición de vehículos con desmantelamento de vehículos antigos, que finalmente entrou en vigor, mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* das bases reguladoras dos incentivos, a primeiros do mes de xullo.

A partir do anuncio da posta en marcha do plan, e a recollida de todas as operacións de compravenda que, cumprindo as exixencias normativas, se realizasen a partir do 20 de maio, o cambio de tendencia no mercado de automoción en Galicia foi moi visible de xeito que entre os meses de xuño e decembro de 2009, as vendas de vehículos en Galicia superaron nun 26% as realizadas no mesmo período do ano anterior, e resulta no cómputo anual un incremento de vendas do 4,4 % máis no exercicio completo 2009 respecto ao 2008.

Esta inversión da tendencia ata recuperar todas as perdas de venda e acabar o ano 2009 con incremento de vendas totais, explica que o Plan Remóvete foi un éxito como incentivo á demanda para adquisición de vehículos.

Como queira que a Consellería de Economía e Industria supeditou a posibilidade de renovar estes estímulos á demanda en función do comportamento do mercado no exercicio 2010, sendo os valores do primeiro trimestre moi positivos respecto ás vendas do mesmo período do 2009, o que pode ser debido fundamentalmente á expectativa negativa dos consumidores respecto ao incremento do IVE efectivo desde o 1 de xullo deste ano, en previsión de paliar parcialmente a previsible caída do mercado en Galicia que implicará a suba impositiva, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), no cumprimento das súas funcións no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúan de xeito salientable a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da Comunidade galega, no contexto especificado propón a renovación durante o exercicio 2010 dos incentivos a pemes, autónomos e particulares para facilitarlles a modernización dos seus parques particulares de vehículos comerciais e, desde o punto de vista social, ampliar o sistema de xestión e os incentivos aos particulares, co obxecto de

contribuír á modernización do parque móbil da Comunidade Autónoma e así mellorar a seguridade viaria; renovando o programa de axudas e incentivos Plan Remóvete para o ano 2010.

Nesta liña, convócanse novamente as axudas do Igape a pemes, autónomos e particulares para a renovación de automóviles con desmantelamento de automóviles antigos, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades colaboradoras adheridas.

Cláusulas:

Primeira.-*Obxecto.*

Este convenio ten por obxecto definir os termos de colaboración entre a entidade colaboradora e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), coa finalidade de establecer unha liña de axudas a fondo perdido para incentivar a modernización de vehículos nas pemes e autónomos e aos particulares.

Segunda.-*Condicións das axudas, axuda do Igape e procedemento de tramitación.*

As condicións das operacións de compravenda de vehículos, requisitos dos beneficiarios, a axuda do Igape e o procedemento de tramitación das solicitudes, aboamento da subvención, modificacións, incumprimentos e reintegros, establécense nas bases reguladoras da axuda que se anexan a este convenio e que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-*Requisitos das entidades colaboradoras.*

3.1. Poderán ser entidades colaboradoras do Igape nestas axudas os establecementos de venda de automóviles, con personalidade xurídica propia, con domicilio social ou algún centro de actividade en Galicia.

3.2. Non poderán obter a condición de entidade colaboradora aquelas entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as cales se citan no artigo 6.º das bases reguladoras da axuda.

Cuarta.-*Compromisos dos partícipes do convenio.*

4.1. As entidades colaboradoras adheridas comprométense a:

a) Colaborar na tramitación dos expedientes de axuda, cumprindo os prazos e demais formalidades establecidas neste convenio.

b) Tramitar ante o Igape, por conta do beneficiario, as solicitudes de axuda para operacións de compravenda dos seus vehículos. A tramitación destas solicitudes poderá ser unicamente telemática, para o que é necesaria a sinatura dixital das persoas para tal efecto designadas.

c) Comunicarlles aos solicitantes, dentro dos dez días seguintes á presentación das solicitudes no rexistro telemático, a data en que as solicitudes foron presentadas no Igape, o número de expediente asignado, o prazo máximo establecido para a resolución e notificación do procedemento (seis meses desde a data da presentación da solicitude no Igape) e os efectos do silencio administrativo (negativo).

d) Realizar as operacións de compravenda nos termos e condicións establecidos neste convenio e as bases reguladoras da axuda do Igape publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

e) Recibir e custodiar durante o prazo de catro anos desde a finalización dos expedientes a documentación correspondente ás operacións realizadas, da cal remitirán copia dixitalizada ao Igape para proceder ao cobramento das axudas, segundo o previsto no artigo 9 das bases reguladoras da axuda.

f) Remitir ao Igape as aclaracións que solicite respecto da documentación relativa ao aboamento das axudas, así como someterse ás actuacións de comprobación que respecto á xestión dos fondos poida efectuar o Igape ou calquera dos organismos referidos na cláusula 5.

g) Deberán darlle publicidade á iniciativa mediante a colocación de carteis indicativos e visibles nos establecementos, onde conste con notoriedade os logotipos da Consellería de Economía e Industria e do Igape.

h) Cumprir as normas de carácter operativo que diten o Igape para a mellor difusión, administración e control das operacións incluídas neste convenio.

i) Cumprir as obrigas previstas para as entidades colaboradoras no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

j) A entidade colaboradora adherida a este convenio declara que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.2. O Igape obrígase a aboar por cada operación aprobada e debidamente xustificada ao abeiro deste convenio e das bases reguladoras da axuda, ao beneficiario, a través da entidade colaboradora, o importe da axuda que corresponda segundo as bases da convocatoria.

Quinta.-*Control.*

Tanto as entidades colaboradoras adheridas, como os beneficiarios das operacións de compravenda de vehículos, quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que se efectúen por parte do Igape ou polos órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das operacións acollidas a este convenio.

Sexta.-Publicidade dos datos.

6.1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía e Industria incluírán as axudas concedidas ao abeiro deste convenio e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a súa remisión ás entidades colaboradoras para os efectos da aprobación da operación, e a referida publicidade.

6.2. De acordo co artigo 15.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as subvencións concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do Igape, www.igape.es, nos termos establecidos na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, expresando a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación no citado medio.

Sétima.-Procedementos internos para a tramitación de operacións.

7.1. As partes adheridas ao convenio comprométese a seguir as normas de procedemento interno, necesarias para asegurar a maior axilidade na tramitación das operacións, dentro do respecto á legalidade e á súa normativa propia.

7.2. A vía telemática será obrigatoria para a interacción entre as entidades. Esta vía concrétese na Oficina virtual do Igape existente no enderezo <http://tramita.igape.es>. En todo caso, aplicarase o establecido nas normas de procedemento interno para a tramitación de operacións que se asinen entre as partes.

7.3. O Igape reserva para si a potestade de introducir modificacións no funcionamento e na recollida de datos da oficina virtual, co obxecto de mellorar a efectividade das interaccións entre entidades ou as actuacións de control que son propias do seu papel no convenio.

Oitava.-Denuncia do convenio.

Será causa suficiente para a resolución deste convenio o incumprimento por unha das partes de calquera das súas cláusulas, logo de denuncia da outra cun mínimo de 30 días de aviso previo. A resolución suporá en todo caso deixar atendidas fronte aos beneficiarios as obrigas xa legalmente contraídas polas dúas partes.

Novena.-Seguimento do convenio.

O seguimento do convenio realizarase a través dunha comisión de vixilancia e seguimento, integrada polas entidades colaboradoras e representantes do Igape.

Décima.-Publicidade.

10.1. As entidades colaboradoras adheridas comprométese a mostrar, nos seus distintos establecementos de venda, a publicidade facilitada polo Igape e a colaborar na correcta difusión desta liña de axudas.

10.2. Co obxecto de lograr maior coordinación, os proxectos e campañas publicitarias que, se é o caso, realicen as entidades colaboradoras sobre este convenio, deberán comunicarse previamente ao Igape.

Décimo primeira.-Natureza.

Este convenio ten natureza xurídico-administrativa e correspóndelle ao director xeral do Igape a interpretación do seu contido.

Décimo segunda.-Bases reguladoras das axudas.

No *Diario Oficial de Galicia* publicaranse as bases reguladoras da concesión polo Igape das axudas ao abeiro deste convenio, nas cales se establecerán as condicións das axudas, a súa contía, o prazo e os modelos de solicitude e o procedemento de tramitación e a dotación orzamentaria. As ditas bases reguladoras aprobadas polo Consello de Dirección do Igape, xúntanse como anexo a este convenio.

Décimo terceira.-Adhesión de entidades colaboradoras ao convenio.

13.1. As entidades de venda de vehículos, con domicilio social ou algún centro de actividade en Galicia, que non incumpran ningún dos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, poderán converterse en entidades colaboradoras polo seguinte procedemento:

a) O representante legal da entidade deberá cubrir o formulario destinado para tal fin (procedemento IG167) no enderezo www.tramita.igape.es no espazo denominado Formalización de cuestionarios. Nesta aplicación deberá enumerar un conxunto de persoas da súa organización que serán as autorizadas por parte da entidade colaboradora para tramitar telematicamente e asinar electronicamente as solicitudes de axuda. Para poder realizar estas tarefas, as persoas citadas deberán estar provistas de certificado X509v3 dunha das entidades certificadoras das admitidas pola Consellería de Facenda (consultar en www.tramita.igape.es).

b) Deberá presentar nalgunha oficina de rexistro do Igape a solicitude xerada pola aplicación antedita incluíndo un código IDE de 40 díxitos que a identificará. Neste caso non estará habilitado o rexistro telemático da Xunta.

c) A solicitude deberá vir acompañada da seguinte documentación:

a. Copia da escritura de constitución e estatutos e, se é o caso, das posteriores modificacións.

b. Copia do poder de representación do asinante. Copia da licenza de actividade.

c. Copia da alta censual.

d. Orixinal do certificado de conta bancaria en que se realizarán os ingresos do Igape para a entidade.

Todas as copias dos documentos referidos nos parágrafos precedentes achegaranse debidamente compulsadas.

d) A remisión da solicitude comportará a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor poderán serlles requiridos ao interesado. A remisión da solicitude tamén autoriza o órgano xestor para acceder ao sistema de verificación de datos de identidade e residencia, co fin de evitar a achega do DNI do solicitante ou do seu representante legal. No caso de que o solicitante denegue expresamente esta autorización, deberá, obrigatoriamente, presentar o DNI coa solicitude.

e) O Igape aceptará as solicitudes recibidas que cumpran os requisitos establecidos.

13.2. O Igape manterá no enderezo da internet www.igape.es unha relación actualizada de entidades colaboradoras para a xestión deste programa.

13.3. As entidades que xa fosen declaradas colaboradoras do Plan Remóvete no exercicio 2009 e que desexen seguir coa citada colaboración, terán que cubrir o formulario establecido na cláusula 13.1º anterior e presentar nalgunha oficina do Igape a solicitude xerada pola aplicación (anexo I das bases reguladoras da axuda) acompañada dos documentos citados na antedita cláusula 13.1º que tivesen variado con respecto á convocatoria do 2009.

Décimo cuarta.-*Vixencia.*

Este convenio entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro do ano 2010 no que respecta aos seus termos económicos, sen prexuízo das prórrogas, que, se é o caso, así se pactasen por acordo expreso das partes, unha vez tramitadas as habilitacións oportunas.

Vixésimo segunda.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións

de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, no Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión do 6 de agosto (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE, no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis*, no Regulamento 1535/2007 (DOUE L 337, do 21 de decembro), no Regulamento 875/2007 (DOUE L 193, do 25 de xullo), no acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, aplicarase o disposto no artigo 48 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 5 de agosto de 2010, da Dirección Xeral de Administración Local, pola que se convoca proceso selectivo para o acceso á categoría superior da subescala de secretaría da escala de funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

De conformidade co establecido no Decreto 443/2009, do 30 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2009 do persoal funcionario con habilitación de carácter estatal no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, esta consellería, no uso das competencias que lle atribúe o artigo 15.1º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, en concordancia cos artigos 48 e 52 do Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal,

DISPÓN:

Convocar proceso selectivo para o acceso á subescala de secretaría, categoría superior, da escala de